GRANADA
Vind' o campo dos pexegos
cadelos de Trastamara,
qu' enterrarambos n' os regos
os valentes de granada.

RIOSECO
Sodes escravos d' o demo.
que colg' a xente de cote,
e pol a man venenosa
segaramb' os o gañote.

RIOSECO
Nada queremos de vos
escravos d' un can doente,
q' a pauliña ten de dios
por matar a nobre xente.

GRANADA
Non queremos n' esta terra
a quen defend' os pendós
desfollados pol' a guerra,
como erexes e ladrós.

GRANADA
Fillo d' unha lixugada
q'e xogou c' o pai d' o Rey
e tiv' o o verce n' a lanza;
¡Ese está fora d' a Ley!

RIOSECO
Xa est' o lobo carniceiro
xiringad' alá en Montel,
send'o voso compañeiro,
pedirñ' o demo por él.

**Exemplo dalgunhas coplas cantadas durante as Parrandas recollidas polo mestre D. Juan Díaz Fernández no número 5 da *Revista Nerio* fundada en 1920 en Corcubión.**

Danza de espadas de Corcubión (Sampedro y Folgar)

